

NORMAL

é un programa da lavadora

UNIDADE DIDÁCTICA para traballar a
diversidade nas aulas de secundaria



Imaxe da portada cedida pola compañía de teatro A Panadaría

Introdución

A madrugada do 28 de xuño de 1969 tiveron lugar actos de protesta contra o acoso policial ás persoas LGBTB que acudían ao Stonewall Inn, un bar da cidade de Nova York. Estas manifestacións, lideradas por transexuais e migrantes¹, reivindicaban o seu dereito a vivir a súa identidade de sexo, xénero ou orientación sexual libremente. Este acontecemento –que está na orixe das reivindicacións do día internacional do orgullo LGBTQIA+– tivo lugar nun contexto no que era ilegal bailar con alguén do teu mesmo sexo e, calquera orientación sexual distinta da heterossexualidade, era considerada un desorde mental².

A orientación sexual, como o xénero ou a raza, está ligada a aspectos fundamentais da nosa identidade. A pesar disto, a diversidade ameaza os mandatos de xénero, e actualmente segue a ter consecuencias en todas as partes do mundo. Vivimos un momento no que conviven os avances conseguidos a través da loita feminista, do movemento LGBTQIA+ e doutros movementos de transformación social, coa socialización e a cultura heterossexualista, as lexislacións discriminatorias e opresivas e a violencia machista en todas as súas expresións.

Nas últimas décadas, froito da articulación da loita do movemento LGBTQIA+, aumentou a visibilidade da diversidade. Mais a homolebobi-transfobia é complexa e exprésase de moitas formas³, afectando a quen non cumpren as normas de xénero. Esta sociedade fai que as vivencias das persoas con identidades non normativas es-

tean problematizadas a todos os niveis: na relación coas institucións, no trato interpersoal e na autopercepción e na relación consigo mesmas.

O máis probalbe, estatisticamente, é que nas aulas haxa estudantes con identidades non normativas ou que conviven con familias LGBTQIA+, ao igual que profesorado e outro persoal do centro. Alén disto o alumnado vaise relacionar coa diversidade na súa vida polo que existe a urxencia de levar estas cuestións ao currículo académico e á formación do profesorado. Esta unidade busca sumar neste proceso e reforzar a aquelas persoas que xa o teñen incorporado na súa práctica persoal e profesional.

Queremos participar na construción das aulas como espazos seguros, igualitarios, diversos e inclusivos onde se xere un coñecemento transformador. Audre Lorde xa nos advertiu de que non se pode desmontar a casa do amo coas ferramentas do amo, pero podemos crear outras.

Obxectivos xerais

- ▶ Facilitar que o alumnado reflexione sobre a diversidade das identidades.
- ▶ Reflexionar sobre a discriminación e violación dos dereitos das persoas das minorías sexuais.
- ▶ Fomentar unha actitude crítica cara as actitudes homolebobi-transfobas.
- ▶ Celebrar a riqueza da diversidade.

Metodoloxía

A metodoloxía de desenvolvemento desta proposta é participativa. Os contidos están articulados en actividades que fomentan a aprendizaxe significativa e a construción colaborativa de coñecemento, poñendo en valor as voces e experiencias do alumnado.

Esta fórmula adáptase aos contidos que imos traballar polas súas características de desenvolvemento:

- ▶ Parte da experiencia.
- ▶ Fomenta a interacción, o diálogo e axúdanos a romper paradigmas.
- ▶ Favorece a cohesión de grupo.

1 Existe numeroso material sobre as vidas de Sylvia Rivera e Marsha P. Johnson, dúas das líderes dos disturbios e do movemento que se articulou posteriormente [<https://www.youtube.com/watch?v=0dduj7lMKL0> ou https://www.youtube.com/watch?v=g_GZUwMniBA]. No contexto español tamén resulta significativo o papel protagonista das transexuais na primeira manifestación do orgullo en Barcelona en 1977.

2 A homosexualidade deixou de ser considerada unha desviación sexual pola Asociación Americana de Psiquiatría no DSM-II –o manual de referencia psiquiátrica en Europa e Norteamérica–, no ano 1973, e unha enfermidade mental pola Organización Mundial da Saúde en 1990, cando a quitaron da *Clasificación Estatística Internacional de Enfermidades e Outros Problemas de Saúde*.

A campaña internacional STOP-Transpatoloxización loita porque se faga o mesmo coa transexualidade. No Estado español as persoas trans que queiran cambiar o nome no rexistro aínda teñen que ser diagnosticadas e tratadas por disforia de xénero.

3 Daniel Borillo e Ignacio Pichardo falan de cinco tipos: cognitiva, afectiva, de conduta, liberal e institucional.

- ▶ Recoñece e pon en valor o aprendido.

Todos as dinámicas están formuladas desde unha perspectiva feminista e de diversidade sexual interseccional para o que trataremos de:

- ▶ non naturalizar estereotipos,
- ▶ rexeitar as violencias do sistema heteropatriarcal capitalista e colonial,
- ▶ empregar discursos inclusivos,
- ▶ non reproducir relacións de poder e
- ▶ visibilizar as achegas das minorías e dos colectivos minorizados.

A través destas forma de facer fomentamos a toma de conciencia individual e colectiva, facilitando ferramentas para desenvolver a autonomía de pensamento e a capacidade crítica da rapazada.

Para empezar

A homobitansfobia é unha opresión real que se utiliza para sinalar e castigar a calquera que se saía da norma. O sistema educativo non trata de forma axeitada esta cuestión e a grande maioría dos centros non son espazos seguros para a mocidade LGTBQIA+. Os actos violentos son a expresión extrema mais as actitudes coinciden coas dunha parte importante da poboación que as sostén ideoloxicamente ou co seu silencio. Segundo investigacións realizadas, a lesbobitansfobia é a primeira causa de acoso escolar no Estado español, e estudos internacionais⁴ revelen que os intentos de suicidio son de tres a cinco veces máis numerosos entre as persoas LGTBQIA+.

Abordar estes contidos nas aulas precisa dun enfoque transversal que permita facer unha análise integrada e unha práctica baseada no feito de que os principais sistemas de opresión están interconectados (a opresión racial, sexual, heterossexual, de clase...) e operan de forma simultánea, e non xerarquizadas, creando multitude de interseccións. Presentalo desde este enfoque

⁴ Datos recollidos na Enquisa nacional sobre conduta de risco xuvenil en Estados Unidos publicada no *Journal of the American Medical*, ou no informe *Inxustiza a cada momento* que, o ano 2011, situaba a taxa de intentos de suicidio de persoas trans e con xéneros fluídos no 41% (os datos para persoas CIS son do 1.6%). No caso español pódense consultar os datos presentados pola FELGTB e COGAM no estudo *Acoso escolar homofóbico e risco de suicidio en adolescentes e mocidade LGB do ano 2012*.

ofrece un marco de referencia desde o que é posible construír alternativas.

Non é suficiente con tratar estes contidos de forma illada se non que teñen que ser habituais as prácticas educativas que rompan coa norma e reflectan a celebren a diversidade. É importante amosar unha imaxe real, desbotando estereotipos incompletos, que ignoran que tamén hai persoas homosexuais mulleres, racializadas, migrantes, de clase traballadora, que

Contidos

BLOQUE 1. Pasado e presente dunha opresión

A homobitansfobia está dirixida contra as persoas que cuestionan o sistema sexo-xénero porque a súa identidade é, parece ou sospeitase que se sae da norma. Por tanto, incide na vida de todas as persoas porque limita o noso desenvolvemento e xera dor e violencia.

Estas prácticas poden darse de forma consciente ou inconsciente. Unha das formas coas que se presenta nas aulas é a través da invisibilización das vidas das persoas LGTBQIA+ e a súa participación na historia. Marxinar a diversidade no currículo é unha conduta homobitansfobia que debemos desbotar.

Na maioría dos casos, para atopar relatos de calquera tipo que recuperen a diversidade sexual e da orientación sexual temos que buscala nas historias pequenas, as que teñen por protagonistas ás persoas desterradas ás marxes. As súas vidas e experiencias ofrecen un panorama que completa os grandes relatos e sitúan os afectos e o amor antes que as conquistas e a violencia.

▶ Obxectivos específicos

- Desbotar os estereotipos.
- Distinguir entre ser diferentes e ser desiguais.
- Recoñecer e valorar a diversidade.

▶ Actividades

1. OS VÉRTICES SILENCIADOS

Materiais: presentación cos contidos da actividade. Se queremos que afonden na busca podemos ofrecerlles material bibliográfico ou webográfico ou a posibilidade de consultar na biblioteca do centro e na Rede.

Desenvolvemento: Nos campos de exterminio nazis clasificaban á poboación segundo unha orde concreta que se sinalaba con triángulos de diferentes cores:

- amarelo: poboación xudía,
- azul: emigrantes,
- marrón: poboación xitana,
- negro: antisocial (non está de todo determinado pero esta categoría puido incluír a lesbianas, prostitutas, persoas vagabundas, quen incumpría a prohibición de ter relacións sexuais entre persoas arias e xudías, persoas xitanas etc.),
- vermello: prisioneiras políticas,
- rosa: homosexuais,
- verde: criminais habituais e
- violeta: testemuñas de Xehová.

Empregaremos esta información para reflexionar na aula sobre a orixe común das opresións e as relacións que se establecen entre elas. Por que foron sinalados estes grupos en concreto? Que representan? Que relación hai entre as persoas perseguidas? Serven as categorías para representar a diversidade? Como foi a reparación do dano nestes colectivos? Tratouse e trátase igual a memoria de todas as vítimas?

Chaves: Calquera historia é sempre subxectiva e vains dar información a través do que nos conta e tamén do que está ausente. Desvelar o que ocultan os contidos que se transmiten nas nosas

materias axuda a fomentar a conciencia crítica e a capacidade de análise do alumnado.

2. AS HISTORIAS QUE NON ESTÁN PERO SON

Materiais: recursos para consultar.

Desenvolvemento: Na liña da proposta anterior podemos seguir profundando nos pequenos relatos. Dividiremos á clase en pequenos grupos que deberán investigar sobre a situación da diversidade sexual e de orientación sexual en contextos diferentes. A información que obteñan exporase na clase para todo o alumnado.

Cómpre asegurarnos de traballar sobre épocas e culturas diferentes para ter un panorama máis completo. Outra alternativa pode ser facer referencia a personaxes históricas concretas.


Os resultados poden servir para deseñar material que se distribúa no centro escolar (fanzines, pósteres, intervencións nalgún espazo etc.)

Chaves: Desdramatizar a diversidade, outorgándolle o espazo que lle corresponde crea as posibilidades para crear outro mundo, pasado, presente e futuro.


Existe unha evidente falta de referente positivos e non estereotipados polo que recuperar parte destas xenealoxías rompe, en parte, co continuo homolebbitransfobo.

3. MAPA MUNDIAL DA HOMOLESBOBITRANSFOBIA

Materiais: Ordenadores con acceso a Internet.



Mapa de países onde a homosexualidade é ilegal. Elaboración propia con datos da ILGA- Asociación Internacional de Lesbianas, Gais, Bisexuais, Trans e Intersexuais.



Mapa de países onde a homosexualidade está castigada coa pena capital nalgún territorio. Elaboración propia con datos de da ILGA- Asociación Internacional de Lesbianas, Gais, Bisexuais, Trans e Intersexuais.

Desenvolvemento: Dividiremos á clase en pequenos grupos de traballo. Cada un vaise centrar nunha cuestión concreta sobre a situación das persoas con identidades non normativas: homosexualidade legal pero non se permiten matrimonios nin unións civís, matrimonio homosexual legal, ser homosexual é ilegal, pena capital para a homosexualidade, terceiro sexo recoñecido legalmente, a transexualidade non é tratada como unha enfermidade etc.

Terán que buscar información sobre estes aspectos para compartila despois na aula. Poden utilizar mapas para traballar ou outra fórmula que lles resulte atractiva e rendible.

Cofieciades esta información? Que datos vos chamaron máis a atención? Como afectan ás vidas das persoas? Cos resultados recompilados faremos unha posta en común para elaborar conclusións.

Chaves: Resulta interesante formular cuestións relacionadas coas persecucións por motivos de xénero ou orientación sexual e as peticións de asilo, os procesos que fan avanzar e retroceder os dereitos ou reflexionar se as leis que prohiben a discriminación por razón da orientación sexual –como no noso contexto– son suficientes para eliminar a desigualdade.

BLOQUE 2. A riqueza da diversidade

A heteronormatividade fundaméntase no binarismo de xénero, é dicir, na práctica de recoñecer só dous xéneros: home e muller. Este sistema inspira os límites da sexualidade considerada normal –e, por tanto, norma– e mesmo define cales e como deben ser as relacións sociais. En base á orde de xénero a heterosexualidade establece que experiencias son válidas e crea categorías de persoas normais e desviadas. Desta forma, convértese nun réxime que afecta a todas as persoas, sen importar a orientación sexual.

A sexualidade é un continuo no que heterosexualidade e homosexualidade son só dous puntos cos que intentamos comprendela. A sexualidade é fluída e cambiante e os feitos demostran que o normal e o natural é a diversidade.

► Obxectivos específicos

- Mostrar as normas que oculta a orde dominante da sexualidade.
- Estimular o espírito crítico do alumnado
- Fomentar a capacidade de empatía das persoas participantes

► Actividades

1. EN COMÚN

Materiais: folios e bolígrafos.

Desenvolvemento: Dividiremos ao grupo en parellas que se xuntarán cun papel no que poidan anotar. Marcaremos un tempo (5 min. serán suficientes) no que deberán atopar o maior número de cousas en común entre elas. Poden ser de todo tipo: físicas, psicolóxicas, gustos, desgustos, desexos, intereses, situacións que compartan etc.

Faremos unha rolda na que se presentarán e dirán cantas cousas en común atoparon. Tamén podemos darlles a oportunidade de que comenten se algo lles chamou a atención, que foi máis fácil de atopar e que máis difícil. A continuación podemos falar sobre aquelas cousas nas que non pensaron e de que depende que coñezamos o que compartimos con outras persoas.

Chaves: Reflexionar sobre como todas e todos podemos ter características compartidas e positivas. Hai moitas formas de ser heterosexual, homosexual, lésbica, bisexual ou calquera que sexa a nosa identidade sexual ou a orientación do noso desexo. Definir ás persoas polas diferenzas fainos caer en etiquetas que limitan. Todas temos gustos, aptitudes e habilidades individuais que non deberían estar condicionadas polos estereotipos e os roles de xénero da nosa sociedade.

2. SAÍR DO ARMARIO

Materiais: Fichas coa enquisa.

Desenvolvemento: Iremos traballar cun formulario sobre a heteronorma. Este é un recurso adaptado dunha acción do colectivo feminista arxentino Mujeres Públicas. Pódese pedir ás mozas e mozos que a contesten, individualmente, ou ben proporlles facelas a xente fóra da aula. Pode ser unha acción para levar a cabo no centro, no entorno próximo do alumnado ou mesmo na rúa.

Nesta dinámica hai que ter moi en conta o respecto á intimidade e valorar se as preguntas que se fan poden resultar incómodas e se o entorno é seguro para todas as persoas. Podemos dar a indicación de non compartir as respostas, que se farán sempre de forma individual, e traballar guiando a posta en común en grande grupo.

Modelo de enquisa:

Responde ás preguntas do seguinte cuestionario

Tes ou tiveches algunha relación sentimental e/ou sexual con algunha persoa?

Si Non

Es heterosexual?

Si Non

Como te deches conta?

Cal cres que é a causa da túa heterosexualidade? Marca a resposta que máis se adecúe á túa situación.

Ideolóxica/Elección Económica
 Xenética Relixiosa
 Psicolóxica Outra.....

Cres que a heterosexualidade ten cura?

Si Non

A túa familia sabe que es heterosexual?

Si Non

Sábeno no teu traballo?

Si Non

No teu entorno fanse bromas ou emprégase a heterosexualidade como un insulto?

Si Non

Que farías se a túa filla che dixera que é heterosexual?.....

Aceptarías que a profesora das túas crianzas fose heterosexual?

Si Non

Paréceche ben que as persoas heterosexuais adopen?

Si Non

Es heterosexual porque tiveches malas experiencias con persoas do teu mesmo sexo?

Si Non

Consideras que a heterosexualidade é unha fase na túa vida?

Si Non

Sentícheste algunha vez discriminada pola túa heterosexualidade?

Si Non

De que forma?.....

Grazas pola túa colaboración!

Ao rematar podemos dinamizar o debate lanzando preguntas ao grupo: Incomodouvos algunha das preguntas? Trátanse igual todas as orientacións sexuais? Por que unhas persoas teñen que saír do armario e outras non?

Chaves: A visibilidade que ten unha orientación sexual –a heterossexualidade– sobre as outras opcións fai que na maioría dos casos presupoñamos que as persoas coas que nos relacionamos son heterossexuais. Cando aplicamos a regra da inversión a unha situación e o resultado resulta chocante é unha proba de que se trata de algo no que hai unha desigualdade de trato e discriminación.

Ao formular a actividade a través de preguntas ábreanse camiños de pensamento, non se sentencian nin se pecha unha idea senón que suxire e se posibilitan outras miradas.

3. PALABRAS FÉRTILES

Materiais: fichas coas frases, folios e bolígrafos.

Desenvolvemento: Formaremos pequenos grupos que van traballar de forma colaborativa. Repartiremos ao azar unha frase a cada unha para que elaboren con ela un relato conciliador, dándolle sempre un sentido positivo. Como punto de partida utilizaremos mitos e prexuízos recoñecibles como:

- Moitas lesbianas deixarían de selo se estivesen cun home «de verdade».
- Aos gais nótaselles na forma de andar, de moverse ou de comportarse.
- As lesbianas son unhas machorras.
- Os homes homosexuais e as persoas trans son máis promiscuas.
- As persoas bisexuais son unhas viciosas.
- Nas relacións homosexuais unha das persoas adopta un rol masculino e a outra feminino.
- Se che gustan as mulleres e os homes é porque non sabes o que queres.
- As mulleres transexuais esaxeran o rol de xénero feminino.
- Se tes prácticas sexuais homosexuais é porque es gai ou lesbiana.
- As transexuais son, maioritariamente, traballadoras sexuais.
- A pansexualidade é unha moda.

- As persoas transexuais odian o seu corpo e queren cambiálo.
- A intersexualidade é un sexo indeterminado⁵.
- As persoas intersexuais pertencen a un terceiro sexo, non se senten identificadas con ser homes ou ser mulleres.

Podemos facer primeiro unha rolda con cada un dos mitos e comentalos no grande grupo para que teñan unha base sobre a que traballar. Se necesitan activarse poden facer por contestar cal é o prexuízo ou mito ao que se fai referencia, que é o que pasa exactamente, como lles afecta ás protagonistas do relato, como reaccionan esas personaxes, que consecuencias ten o que sucede, que solucións ou saídas hai etc.

Ao rematar exporán as historias na aula. Sería interesante abrir un debate sobre os mitos e os prexuízos. Outra posibilidade para seguir traballando e ofrecer algunha alternativa para que se formulen diferentes finais a cada historia como, por exemplo, intercambiarse as historias.

Chaves: A idea estendida de que as persoas, en función da categoría na que se clasifiquen, son e compórtanse de unha forma ou teñen un corpo determinado contrasta coa realidade.

Darlle a volta aos prexuízos e construír relatos positivos nos que entren en diálogo coas persoas inxuriadas sitúa ao alumnado como axente de cambio. Cuestionar os estereotipos permite reflexionar sobre cómo se poden crear as condicións para mellorar a calidade de vida de todas as persoas.

Punto e seguido

Esta unidade recolle unha proposta de actividades que convidan ao debate e á reflexión para cuestionar a norma heterossexual. Cada grupo pode experimentar aquelas actividades que considere máis axeitadas para o seu traballo, e revisalas ou modificalas para que se axusten ás necesidades do alumnado.

A homobisexualtransfobia é un prexuízo social construído culturalmente no proceso de sociali-

⁵ Empregar adxectivos como indeterminado ou ambiguo, nun sistema de pensamento de pares opostos, fai referencia a que existe outra categoría sexual que é a correcta, a definida. Para máis información sobre as reivindicacións das persoas intersexuais ver a *Declaración de San Xosé de Costa Rica* da 1ª Conferencia Rexional Latinoamericana e do Caribe de Persoas Intersex.

zación e, por tanto, pode desaprenderse. Compre recordar que canta máis información coñezan menos prexuízos e estereotipos reproducirán. É importante tratar estes contidos de forma habitual na aula, non como unha excepción, marcada por unha data do calendario para non incidir na idea de que se trata de algo excepcional.

Partir dunha perspectiva feminista interseccional implica manter unha posición crítica e analítica, non reproducir relacións de poder e entender que a diversidade é diversa. Celebrar as diferenzas significa que todas as formas nas que unha persoa viva ou queira relacionarse son igual de válidas.

As cuestións identitarias teñen unha forte carga vivencial polo que tratamos de achegarnos con sensibilidade e dando prioridade á escoita e ao acompañamento. Existen outras accións coas que se pode acompañar o traballo para que as aulas sexan espazos seguros onde todas as persoas se poidan desenvolver en liberdade. É importante establecer nos centros mecanismos e figuras de apoio para as mozas e mozos con identidades non normativas e para o persoal LG-BTQIA+.

A intervención fronte ao acoso é unha responsabilidade da comunidade educativa, e iso tamén implica previr e formar para que esta non se produza no noso centro. Educar no respecto non pode ser unha opción. Agardamos que este material resulte útil para incidir na importancia de coñecer e recoñecer a diversidade e que axude a situar as vidas no centro.

Glosario

- **Armario:** Fai referencia á expresión «saír do armario» -que é unha tradución do inglés- e significa expresar aberta e voluntariamente a propia homosexualidade. «Estar no armario» é vivir a homosexualidade sen mencionala abertamente, aínda que sexa coñecida.
Revelar datos que vulneren a intimidade da vida sexual ou da saúde de alguén é un delito tipificado no artigo 197 do Código Penal.
- **Bisexualidade:** orientación sexual das persoas que se senten atraídas por homes e mulleres.
- **Cis:** persoas que non se identifican como trans, é dicir, as persoas cunha identidade de xénero asumida que coincide coa que se lle asignou ao nacer. Este prefixo tamén se emprega nos termos «cissexismo» ou «cisxenerismo», que son os comportamentos ou accións que discriminan a quen se sae das normas de xénero.
- **Cuir/Queer:** Insulto inglés para referirse ás persoas con identidades non normativas. As sexualidades minoritarias, que se sentían excluídas do termo «gai», utilizaron esta inxuria como unha estratexia política para designarse e quitarlle así toda a connotación negativa. É un concepto interseccional, é dicir, está cruzado pola raza, clase, idade, enfermidade, mi-gración etc.
No contexto do Estado español ten relación co uso de bollera ou marica que fixeron grupos activistas na década de 1990 para autodefinirse.
En algúns contextos, polos problema da tradución -fóra do inglés non é un insulto polo que perde a forza que tiña na orixe-, empregan termos como «transmaricabollo».
- **Heteronormatividade:** sistema de crenzas o suposicións de que todas as persoas son heterosexuais ou que a heterosexualidade é a orientación sexoaffectiva predeterminada ou «normal». Este réxime estigmatiza e marxina a diversidade de xénero, sexualidades, prácticas e desexos tratándoa como unha desviación antinatural.
- **Homosexualidade:** orientación do desexo dunha persoa cara outra do seu mesmo sexo.
- **Lesbianismo:** fai referencia ás mulleres que orientan o seu desexo cara outras mulleres.
A finais da década de 1970 articulase o concepto de lesbianismo político na chamada segunda onda do feminismo. Esta proposta política e colectiva define o lesbianismo como unha opción aberta a todas as mulleres e non unha orientación. É una forma de rebelarse contra a heterosexualidade obrigatoria;
- **LGBTQIA+:** Acrónimo empregado para incluír ás lesbianas, aos gais, as persoas trans, ás queer, ás intersexuais e asexuais. O signo + emprégase para indicar, cun sentido positivo, outras identidades que poden non estar representadas xa que toda clasificación é sempre unha forma de excluír.

A orde pode variar e podemos atopalo en múltiples combinacións.

- **Pansexualidade:** atracción sexual ou amorosa entre persoas, independentemente do seu sexo ou identidade de xénero.
- **Pinkwashing:** Lavado de imaxe rosa que define as prácticas dalgúns gobernos de outorgar un mínimo de dereitos aos colectivos LGTB –como pode ser o matrimonio– para promover o seu país como tolerante coas minorías sexuais. Estas medidas úsanse para desviar a atención de políticas contra as minorías raciais ou relixiosas.
- **Pluma:** Usada na expresión «ter pluma». Utilízase para definir aos homes con ademáns considerados femininos, que non son os que se esperan deles. Sucede igual coas mulleres cunha estética considerada masculina. Aínda hai xente que relaciona a homosexualidade con xestos ou prácticas que nada teñen que ver coa orientación do desexo. En relación a isto tamén se dá a plumofobia, que é o rexeitamento das persoas que, independentemente da súa orientación, exprésanse dunha forma distinta aos roles de xénero que se esperan dela.
- **Trans:** persoas que non se identifican co sexo asignado no nacemento. Comezou a utilizarse desde os movementos sociais para alonxarse do contido patoloxizador de transexualidade.

Referencias legais

- *Os principios de Yogyakarta (2007)*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*
- *Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*

- *I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*
- *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*

Recursos

Nos últimos anos son cada vez máis habituais as películas, series, libros, obras de banda deseñada, músicas e outras representacións culturais que amosan a diversidade como un valor a celebrar. Estes medios tamén nos serven para recuperar unha xenealoxía de figuras útiles para romper coas historias únicas e para facer visible a diversidade das identidades sexuais e da orientación do desexo.

Cómpre sinalar dous recursos de especial valor no contexto educativo galego:

- Os grupos de apoio entre pares creados en varios centros: IES Politécnico de Vigo, IES Castro Alobre de Vilagarcía de Arousa ou IES A Sangruiña de A Guarda.
- grupo de profesorado LGBTBIQA+ Galicia. Punto de encontro para profesorado LGTBIQA onde compartir as experiencias de visibilidade e loitar contra a discriminación LGTBIQA nos centros educativos. É un grupo fechado na rede social Facebook, á que se accede solicitando adherirse ás persoas que o administran.

Tamén existen instrumentos como o *Observatorio español contra a lgbtfofia* e asociacións galegas que ofrecen apoio e fan un importante traballo de sensibilización e formación como *Chrysallis Galicia*, *Arelas* ou *Nós Mesmas*.

O tres de maio de 2018 Thalia, unha moza trans de 17 anos, suicidou-se en Móstoles, menos de tres meses despois de que Ekai, outro mozo de 16 anos, o fixera en Ondarrabia. Incluir a diversidade, con orgullo, nos espazos educativos permite que todas as persoas se podan desenvolver en liberdade, sen importar a súa identidade nin orientación. Os centros de ensino non poden permitir que máis persoas vivan situacións de violencia en base a unha construción social rixida e opresiva.

Autoría da unidade didáctica e dos colaxes:
MAR F. CENDÓN.

